

Castelao nunha das súas fotografías máis icónicas, durante un acto de Galuezca en Montevideo, no ano 1945.

1944 - 2024

**80**

**ANOS DO  
SEMPRE EN GALIZA**

## SEMPRE EN GALIZA, GALIZA SEMPRE!

Tes nas túas mans un novo número da colección “Grandes Efemérides, dedicado á conmemoración do oitenta aniversario da publicación do *Sempre en Galiza* de Castelao. Facémolo da man de Manuel Rei Romeu, un dos grandes estudosos no noso país da figura de Castelao e do *Sempre en Galiza* en particular. Obra que, sen lugar a dúbidas, é a de maior impacto na historia do nacionalismo galego, e que entre outras cousas, a través dun xogo de palabras, dá nome á fundación do Bloque Nacionalista Galego, a Fundación Galiza Sempre, editora desta colección.

O *Sempre en Galiza* publicábase o 10 de marzo de 1944 en Bos Aires pola editorial “As Burgas”. Actualmente o Museo de Pontevedra custodia o manuscrito orixinal que levaba por título “Co pensamento en Galiza”. É unha obra que recolle moitas cousas de importancia (e todas son de interese) mais, tal e como recolle Manuel Rei no seu artigo, hai dúas politicamente esenciais: a definición de nación e a explicación de que Galiza é unha nación e, consecuentemente, porque o estado español é un estado plurinacional e a conceptualización que Castelao fai do dereito de autodeterminación e de como a súa concreción só pode vir pola vía dunha auténtica federación de nacións ou da plena independencia das mesmas.

A obra de Daniel Castelao recolle as ideas chave sobre a que se articula a proposta doutrinal do nacionalismo galego. O volume, que asume as ideas forza do corpo teórico do movemento nacionalista anterior a 1936, moi particularmente das formuladas por Ramón Vilar Ponte, defende como ideas vertebradoras da alternativa patriótica a consideración da nación como suxeito de dereitos políticos en tanto depositaria de soberanía, a defensa dun modelo que cuestione a lóxica sistema do capitalismo e aposta polo antiimperialismo, como vía para unha nova forma de relación entre os pobos.

Estas ideas do pensamento de Daniel Castelao son o eixo fundamental sobre o que se articula a proposta estratéxica do Bloque Nacionalista Galego. Neste senso, o BNG recolle como primeiro punto da súa declaración de principios, que “Galiza é unha nación e, por tanto, ten dereito á autodeterminación para decidir por si propia, de forma libre e soberana, o seu futuro”. Esta proposta é extraída na súa literalidade do *Sempre en Galiza*. Ao tempo, Castelao avanza o frentismo como forma organizativa para articular o movemento nacionalista, na liña da experiencia histórica do propio Partido Galeguista e, en coherencia, coa análise que fai da estrutura de clases no país. Desta maneira, Castelao demostra non ser un doutrinario e formula unha proposta sobre o suxeito político do movemento patriótico, as clases populares, na liña doutros autores nacionalistas e antimperialistas do momento.

O *Sempre en Galiza* e toda a obra de Castelao responde a vontade da Galiza a existir como pobo. Neste senso, é una aposta para exercer na práctica un dereito, o de autodeterminación. Un dereito que o actual réxime político español pretende dar por superado, considerando a lexitimidade e a democracia por debaixo da legalidade que instaurou un concepto de unidade entendida como subordinación e sometemento. Na mesma dirección, Castelao explicou e afirmou,

1944  
**2**  
2024




Chegada de Castelao á Habana, en 1938.

a necesidade de actuar coa visión, a cabeza e a intención postas Sempre en Galiza. Neste contexto cobra un significado especial a súa obra para poñer de relevo en toda a súa crueza o fondo cerne antidemocrático sobre o que se erixe o Estado español, cunha Carta Magna, cuns partidos do sistema, cunha monarquía, cunhas forzas armadas e cun aparello xudicial e policial que afogan calquera aspiración á liberdade, veña de onde veña.

Como todas as grandes obras, *Sempre en Galiza*, envelleceu ben. Trátase dun libro que marcou (e seguirá a marcar) a varias xeracións de nacionalistas no noso país. Foi e é unha grande fonte de inspiración. No meu caso particular (e sei que no de moitas outras persoas), lin o *Sempre en Galiza* sendo moi novo, con tan só 15 anos, tras escoitalle ao meu profesor de literatura galega que aquel libro era “A Biblia do nacionalismo galego”. Tiña curiosidade por saber que dicía aquela “biblia” sobre un nacionalismo polo que eu xa tiña certa simpatía intuitiva. Custoume rematalo, pero cando o fixen, cambiou por completo a miña vida. Desde ese día sabía que eu era nacionalista galego e debía actuar consecuentemente, a comezar por me facer galegofalante (cousa que non era) e comezar a militar politicamente en Galiza Nova e no BNG.

Se aínda non o liches, agardo que as palabras de Manuel Rei te animen a facelo. E se xa o liches, nunca é mal momento para volver sobre o *Sempre en Galiza*, relelo e estudalo, porque cada vez que o lemos, lémolos nun momento distinto e cunha perspectiva distinta e sempre atopamos cousas “novas” e plenamente actuais. *Sempre en Galiza* é un libro para pensar e para re-pensar Galiza mais, sobre todo, é unha incitación a actuar. A actuar en favor do exercicio dos dereitos da nación galega. —————

Rubén Cela Díaz  
Presidente da Fundación Galiza Sempre



1944  
**4**  
2024

Capa da primeira edición do *Sempre en Galiza* e caricatura de Luís Bagaría para a edición.



Castelao no salón Prince George's Hall de Bos Aires, 18 de agosto de 1948.



# 80

## ANOS DO SEMPRE EN GALIZA

### O Sempre en Galiza oitenta anos despois

Este 10 de marzo cúmprense oitenta anos da publicación do *Sempre en Galiza*, o libro máis importante do nacionalismo galego. Tal efeméride prodúcese en 1944 en Bos Aires, cidade a que Castelao chega exiliado a comezos dos corenta e onde permanecerá até a súa morte en 1950.

A estas alturas, Bos Aires concentra a maioría de exiliados galegos, sobre todo os de signo galeguista, debido a contar cunha ampla colectividade de residentes galegos emigrados, representados ou organizados nun tamén plural tecido de sociedades que teñen como núcleo e expoñente principal o Centro Galego. As condicións son idóneas para dar continuidade a un labor cultural e político como o desenvolvido na Galiza de preguerra. Grazas a este labor no exilio bonaerense, reséntese menos a liña de continuidade da cultura e literatura galegas.

Non está de máis lembrarmos, brevemente, o papel relevante de Castelao nestes anos iniciais do exilio. No ronsel dun dilatado periplo (URSS, EUA, Cuba), leva consigo a bagaxe das estampas dos álbums da guerra, testemuño doloroso que denuncia ante o mundo a saña con que a barbarie fascista se cebou con Galiza. En 1941, acomete a posta en escena da súa obra teatral *Os vellos non deben de namorarse*. Publica o *Sempre en Galiza* en 1944, ano en que tamén se constitúe en Montevideo o Consello de Galiza, do cal será presidente (15 de novembro). O seu cadro *A derradeira lección do mestre* é motivo central e ilustra o fondo dos actos de homenaxe que o Centro Ourensán rende a Alexandre Bóveda, a quen Castelao dedica o libro (17 de agosto de 1945). Á luz da secuencia de acontecementos de tal magnitude, hai que considerar esta unha etapa cumio na súa traxectoria artística e política. Castelao aparece xa como símbolo do nacionalismo e mesmo da Galiza: "bandeira da Galiza renacida", "intérprete fiel e seguro da galeguidade", "a máis auténtica representación de Galiza" ou "gran líder da galeguidade"... Desde logo, no mundo da diáspora son conscientes de ser a data de publicación de tan "luminoso libro" un "fito histórico" para o nacionalismo galego, un libro que non deixa indiferente ninguén e considerado clave para entendermos o problema político galego e mesmo o carácter pluri-nacional do Estado. Comézase xa a denominalo *biblia* e a revestilo de certo carácter sagrado.

1944  
5  
2024

1944  
**6**  
2024



A derradeira lección do mestre, pintado en 1945 en Bos Aires en homenaxe a Alexandre Bóveda, a quen tamén está dedicado o *Sempre en Galiza*.

Segundo palabras pronunciadas no banquete homenaxe do 2 de xullo de 1944, advirte Castelao unha liña de continuidade e coherencia entre a súa primeira entrega artística de relevancia sociopolítica (o álbum *Nós*), ao pouco de se adherir ás Irmandades en 1916 e a publicación do *Sempre en Galiza*, reafirmando un fío condutor: "Ideoloxicamente eu non son máis que un patriota galego". En todas as súas dimensións, o patriotismo está na base, nos principios e nas motivacións últimas do seu pensamento. Xa sexa a autoridade amplamente recoñecida do Castelao artista, que fai unha obra que serve a esta mesma finalidade. Xa sexa a súa práctica política desde comezos dos anos 30, servindo de aglutinante en torno ao Partido Galeguista, do cal é Secretario Político, representando como deputado os intereses galegos nas Cortes Constituíntes (1931-33), comandando o proceso do Estatuto e procurando o entendemento coas organizacións do internacionalismo proletario. Faise todo desde o escenario dunha nación periférica como Galiza, que non ten voz de seu e aspira a conquistar a súa liberdade, nunha etapa crucial da historia da humanidade como é a que vai da Primeira á Segunda guerra mundiais, coas súas consecuencias a todos os niveis.

### **O Sempre en Galiza como corpus teórico do nacionalismo galego**

A intencionalidade do seu autor semella dupla. Por un lado, desde unha actitude analítica e reflexiva, trátase de que o libro sirva de caderno de bitácora desta singradura política; por outro, desde un enfoque máis creativo, a intencionalidade do autor é dotar o nacionalismo galego dunhas bases sólidas, dun corpus teórico de transcendencia, para alén das circunstancias concretas desta etapa. Como así resultou, na súa vixencia, un corpus ou legado útil alentado por un patriotismo lúcido, que abrangue desde o biográfico e persoal ao colectivo organizado, tratando un amplo abano temático de carácter político, económico, histórico, cultural, lingüístico...

Partíndomos sempre de condicionantes do contexto –imprescindíbeis para non incorreremos en lecturas parciais ou manipuladoras–, en diálogo coa realidade dos nosos días, vexamos cales son as liñas definitorias do pensamento que guiou a súa práctica política, das cales é debedor en boa medida o nacionalismo actual<sup>1</sup>.


En primeiro lugar, a definición de Galiza como nación, que ten a súa formulación máis clarificada en Stalin, autor que considera á marxe de confusionismos filosóficos:

*Apelarei, en troques, á definición que dá Stalin, porque, a este respecto é un autor libre de ofuscacións filosóficas: «Nación é unha comunidade estábel, historicamente formada de idioma, de territorio, de vida económica e de hábitos psicolóxicos reflexados nunha comunidade de cultura». «Somentes a eistencia de todol-os signos distintivos, en conxunto, pode formar a nación» (p. 39)*

Castelao procura deliberadamente a concordancia, que cualifica de "venturosa", coa teoría da nación marxista, por considerala materialista, ao fundamentarse en trazos distintivos como lingua ou territorio, un dos requisitos máis axiomáticos para diferenciarmos a

<sup>1</sup> Para as citas seguimos a 2ª Edición "As Burgas" do *Sempre en Galiza*, Bos Aires, que viu a luz o 28 de xuño de 1961 (facsimilar editado pola Librería Couceiro en conmemoración do centenario do nacemento do autor).

1944  
8  
2024



Postal na que Castelao recolle algunhas impresións sobre Nova York, en 1940.



nación da minoría nacional. Por outro lado, de xeito indirecto, está a animar as organizacións do internacionalismo proletario a mostraren unha maior comprensión –poucas veces doada– cara ás reivindicacións nacionais. Dita definición mantense nas seguintes partes do libro, as redactadas no exilio, por considerarse funcional para o nacionalismo e evitarmos confusionismos interesados coa idea de Estado, existencia de vontade, etc.:

*O seu concepto de nación é un concepto hestórico e non filosófico, da máis sensible realidade e independente do concepto de Estado. Unha nación pode ser tal sen autonomía de ningunha caste, sempre que o sentimento que a diferencia resulte inasimilable, sempre que se manteñan vivos os atributos que a caracterizan. Tanto é así que a máis completa e integral autonomía, a mesma independencia política, non abundan para formar ou manter os caracteres dunha nación (p. 290)*

Por outro lado, nega absolutamente que se poida fundamentar ningunha reivindicación nacional ao esgrimir distincións de raza e erguendo barreiras deste tipo:

*Para nós, os galegos, afeitos a percorrermos o mundo e a convivir con todas as razas, o nacionalismo racista é un delito e tamén un pecado. Endexamais medimos os diámetros do noso cráneo, nin llo medimos a ninguén para ser ademitido na nosa comunidade. [...] O sol é único para todos os homes do mundo; pero fai negros en África e brancos en Europa. E a nosa Terra ten poder bastante para facer brancos aos negros. (p. 41)*

Desmárcase, así, das concepcións máis metafísicas de Vicente Risco (*Teoría do nacionalismo galego*, 1920) e sitúase nunha tradición de pensamento non antimarxista, que ten como expoñente a *Doctrina Nazionalista* de Ramón Vilar Ponte (Ferrol, 1921), aínda que superándoa na súa amplitude. Tamén é de signo materialista a súa concepción de pobo ou clases populares traballadoras, a maioría social representativa da nación, verdadeira beneficiaria e protagonista da política nacionalista. Parafraseando Castelao, para estes a terra en que viven e traballan é unha nación asoballada, con dereito a reclamar liberdade e garantías de desenvolvemento da súa vida económica.

En segundo lugar, partindo da existencia da nación, defende o dereito de autodeterminación, a liberdade para se gobernar conforme aos seus intereses:

*Ten Galiza un idioma propio? Ten territorio diferente? Ten unha vida económica peculiar? Ten hábitos psicolóxicos reflexados nunha cultura autóctona? Pois logo Galiza é unha nacionalidade, e, polo tanto, ningún antifeixista pode negarlle o dereito de autodeterminación; é dicir, o dereito a gobernar a súa vida... (p. 40)*

A autodeterminación é o obxectivo estratéxico da política do Partido Galeguista e de Castelao, e non pode caerse, a non ser por lecturas parciais ou nesgadas, na cerimonia confusionista de dicir que era o autonomismo. A Constitución republicana de 1931 non recoñecía o principio das nacións e definíase coa difusa fórmula de *federábel*, non federal, como sería de agardar: “Os políticos da esquerda non quixeron constituír unha República federal, e declarárona federable,



Castelao e Virginia Pereira (dereita) con Luis Soto e, no centro da imaxe, María Docampo, contratada como tradutora para a estancia en Nova York, e de quen despois se soubo que traballaba como informante para a CIA.

1944  
**10**  
2024



Xesús Canabal, Castelao e Manuel Meilán en Montevideo, 1940.

para que o Estado non ficase definitivamente constituído sobre bases de igualdade.” (p. 163)

A política teimuda de regateo do Estatuto por parte dos republicanos de esquerda no poder central conduce Castelao a renegar do sistema de Estatutos autonómicos após a Guerra española. Eles mesmos tampouco acreditaban en que Galiza puidese salvar tamaños impedimentos; sexa como for, este proceso foi sumamente esclarecedor para o nacionalismo galego e definitorio do servilismo de forzas que se facían pasar por autónomas:

*Por desventura en Galiza os federaes eran como en toda Hespaña: uns farsantes. Pero tan de vello viña o alcuño de todos eles que se proclamaron partidarios dunha República federal en vísperas do 14 de abril, e, como tales, souperon colocarse no escalafón oficial de prazas a proveer, e dispois contribuíron maxistralmente a unha nova farsa: a da República federable (p. 176).*

No contexto da Segunda República, para non ficar afastados do xogo político e lograr avances políticos e melloras na modernización do país, xúlgase que o estatutario é un proceso imprescindible. Temos abondas mostras na obra de Castelao, nos seus actos públicos e na prensa da época de que o Estatuto, dentro da postura de mínimos ou táctica, constituía un paso adiante, mais non era un fin en si mesmo. Razoando deste xeito, non ten problema en afirmar a necesidade de defendermos a alternativa política nacionalista nos seus máximos estratéxicos en todo momento:

*Cando un galego se decata das realidades do seu país e chega a sentirse fillo dunha nación privada de liberdade, debe defender a posición maisimalista que acabamos de esbozar, pois si Galiza é unha Terra diferente ten dereito a ser eisistente. E unha de dúas: ou negamos o carácter nacional da nosa Terra ou temos que defender os seus dereitos. (p. 55)*

En terceiro lugar, as saídas para a resolución do conflito político só poden darse pola vía da federación ou da independencia, non por unha autonomía limitada. Castelao nunca pecha a porta á saída independentista, porque:

*...se admitiramos que unha nacionalidade non ten dereito á súa independencia política (como principio xeral non debemos admitir semellante absurdo) nós seguiríamos afirmando que un Estado endexamais ten dereito a esterilizar o xenio de varias nacións que o compoñen impondo as características dunha delas a todas as demais, para que deste xeito, a indivisible Nación garantice unha indivisibilidade do Estado. (p. 295)*

Actualmente, desde as esferas do poder central, o concepto de nación “fúndese e confúndese” a mantenta co concepto de Estado; por suposto, trátase da “nación” española, única e indivisible, preexistente a todas e mesmo atemporal. Ten claro Castelao que a casuística das nacións sen estado pode ser diversa ao contemplarmos o feito nacional:

*Esta “nación” pode ter unha soberanía civil independente ou diminuída; pode convivir con outras nacionalidades e formar con elas unha soia vontade política; pode, en fin, vivir asoballada por outra “nación” e sometida a un Estado*





1944  
**12**  
2024

Acto da colectividade galega en Bos Aires en 1945. Arriba, intervención de Castelao. Abaixo, intervención de Avelino Díaz.





*opresor. O embrullo ármase cando a nacionalidade — que é un ser natural — pasa do sentimento dos seus fillos á súa vontade política; é dicir, cando a Nación quer constituír un Estado. (p. 294)*

Por outra parte, a confusión das conquistas tácticas cos obxectivos estratéxicos de autodeterminación é interesada e manipuladora; en ningún caso pode Castelao estimar satisfactoria unha simple autonomía cunhas migallas de competencias cedidas a contagotas. Velaí a superación do federalismo pimargalliano:

*Hespaña é un país multiforme que non pode rexirse cun criterio uniformista...*

*O federalismo que nos defendemos non se afínca nese tan sobado principio da división do traballo, é dicir, na descentralización administrativa, para desconxestionar a cabeza. O noso federalismo tampouco pretende dividir o territorio español en doce, catorce ou dezaseis rexións autónomas, porque a estas alturas faise necesario superar a federación rexionalista de Pi i Margall por unha concepción verdadeira das nacionalidades... (p. 62)*

Vemos, pois, unha concepción do Estado español como un estado plurinacional. A partir desta constatación, para avanzar pola vía federalista teñen que darse as seguintes condicións:

- a) O recoñecemento previo das nacións; o principio das nacións ou concurso libre das partes para integrar o todo. E así di: “Toda federación é a resultante dun pacto, que non pode celebrarse cando as partes non teñen personalidade e liberdade para pactaren.” (p. 57)
- b) Unha relación entre iguais e sen subordinacións. Son as nacións dispostas a se federaren as que ceden libremente, as que controlan o proceso en toda a súa evolución posterior; non son concesións desde arriba dunha parte que fala e en nome de todos.

A conclusión de Castelao non deixa marxe de dúbida:

*Unha nación é soberana e ten dereito a organizarse autonomicamente, sen máis límites que os derivados do respecto ao igual dereito das demais nacionalidades. A nación ten dereito a federarse con outras e a separarse da federación cando lle conviñer. Unha nacionalidade, pois, ten dereito, incluso, a constituírse en Estado independente (p. 53)*

Pensamento que, como vemos, dista moito dun autonomismo constitucional ou dun galeguismo difuso que é no que se quixo e quere converter a figura de Castelao por parte do autonomismo político, sexa de dereita ou de esquerda. Razoando do particular ao xeral, chega a criticar abertamente o dominio imperialista exercido no mundo: “Mais o federalismo internacional somentes pode realizarse sobor das ruínas dos Estados imperialistas e coa previa abolición do sistema capitalista actual.” (p. 55)

A este respecto, cuestiona os principais alicerces reaccionarios sobre os que asenta o estado centralista español, ben retratados en célebre caricatura súa. O goberno da República non soubo liberarse deles e acabaron converténdose en axentes promotores do golpe de Estado do 1936:

*Adicarei este capíduo aos elementos que produciron a guerra civil, e para eso vou reproducir unha “caricature”*

1944  
**14**  
2024



Castelao preparando as carautas para a estrea en Bos Aires da súa obra *Os vellos non deben de namorarse* (1941).



Lectura dramatizada da obra *Os vellos non deben de namorarse*, en xuño de 1960.

*que compuxen en Barcelona, mellorándoa no posible. Son tres elementos: o "militarismo", que se consideraba ferido nos seus sentimentos patrióticos e hipotecou a independencia da patria; o "clericalismo", que se consideraba ferido nos seus sentimentos relixiosos e xogou a Eirexa no xogo azaroso da guerra; o "semifeudalismo", que se consideraba ferido nos seus intereses e converteu a súa riqueza en pólvora. Eles representaban o orgullo, a soberba e a vaidade; é dicir, o máis vello, máis negro e máis podre da Hespaña centralista. (p. 195)*

Nos anos de exilio, Castelao non rectifica esta nidia liña de pensamento que figura nas primeiras partes do libro; antes ben, reafirmase nela, tórnase máis analítico ou reflexivo, se se quixer máis radical, e remacha moitas das afirmacións feitas antes da confrontación bélica. Confesa que está lonxe de sentir o optimismo que as súas palabras querían transmitir antes e no decorrer da guerra, cando comezou a redacción do libro, dando mostras dunha coherencia e un realismo sorprendentes. No seu alcance político, o libro responde, pois, a dous contextos diferentes e a dúas situacións persoais tamén diferentes: unha experiencia de política práctica (in)tenso, vivida en primeira persoa en vivo e en directo, e así recollida e reflectida de xeito inmediato; e unha *reflexión* realizada a *posteriori*. Por iso, comeza dicindo que a segunda parte será unha sombra da primeira, con proxección de futuro: "Repetirei, cicais, as mesmas ideas; pero con outra feitura e outro significado, e repetirei verbas e frases até convertilas en tópicos porque non estou arrepentido do que dixen –por algo volvo a decilo-, senón que agora pretendo remachar i endurecer algunhas afirmacións, e quero formular outras máis novas." (p. 142)

Constata que a teimosía unitarista é o cerne ideolóxico fundamental de republicanos tanto de dereita tipo Lerroux, que se consideraba no deber de continuar a "gloriosa historia de España" (a historia máis imperial e máis ignominiosa), como de esquerda, tipo Casares Quiroga, a quen o seu agudo sentido do ridículo lle impide enrolarse no movemento galeguista e falar galego. Casares Quiroga e correligionarios acusan os membros do Partido Galeguista de separatistas e retrógrados e el mesmo chega a acusalos de querer unha autonomía por decreto. Del como ministro chega a dicir Castelao que foi o peor inimigo que tiveron no goberno.

Baixo unha perspectiva de grande lucidez, analiza a frase de Calvo Sotelo, pronunciada nun acto en Barcelona en xaneiro de 1936: "Querría mejor unha España roja que una España rota". Porque "una España rota necesitaría siglos tal vez para reintegrarse, para volver a la unidad". (p. 87). Porén, unha "España roja" non había de durar. Isto lévao a desvelar a intención de tal afirmación:

*...porque se unha "España rota" subsistise durante séculos, era porque respondía a unha necesidade natural, a unha tendencia fonda da alma hespañola, a principios enraizados na concencia do povo. Somentes así podería un réxime durar séculos. Tamén afirmamos –e repetímo-lo hoxe- que unha transformación económica e social da vida hespañola afogaríase no marco dun Estado divinizado ou dentro do sistema unitario e centralista dos liberales do oitocentos. Poderíamos traducir a expresión de Calvo Sotelo nesta frase: "Sólo en una España rota subsistiría*

1944  
**16**  
2024



Ernesto Guerra da Cal e Castelao en Nova York, ca. 1939.



Inauguración do restaurante La Casa de la Troya, lugar de encontro do exilio galego en Bos Aires.





*una España roja". I entón recoñeceremos que ningún estadista da segunda República pronunciou unha frase máis acertada. (pp. 87-88)*

Tanto monárquicos como republicanos (sexan de dereitas ou de esquerdas) toleran de malos modos que Galiza levante cabeza e reclame a liberdade, isto é, que reclame un trato similar a que se dá a Cataluña a comezos das Constituíntes. Todas as ofensas e agravios son evidencias sintomáticas deste feito: a supresión da Comisión de Estatutos do Congreso, a suposta perda do texto do Estatuto galego... Estes últimos non disimulaban a súa xenreira e, despois de votar o Estatuto catalán nas Constituíntes e o vasco en outubro do 1936, "estoupaban de carraxe cando se leu o noso" (p. 147) e algún deles saíu da sesión bramando contra a ousadía: "¡¡Otro Estatuto!! ¡¡Otro Estatuto!!..." (Ibid.).

Xunto a isto, a descualificación de Galiza como reaccionaria e dos soldados galegos que se acusa de covardía e se insulta co alcume de "mariscos":

*A primeira intención foi considerar a Galiza como un país reaccionario, igual que Navarra; pero máis covarde e, por ende, pouco temible. Nas crónicas de guerra que se publicaban no xornal El socialista, referentes a Asturias, chegou a escribirse esta frase: "Los enemigos, como buenos galaicos, en cuanto oyen un tiro se dejan caer monte abajo [...]" pero ningún antifeixista se lembrou de aldraxar a Valladolid, poño por caso, de madrigueira reaccionaria. (pp. 187-189)*

En palabras de Castelao, non son quen de exerceren a autocrítica co "erro cometido cando se opuxeron á estruturación federal do Estado, e a cada paso piaban pola "España única e indivisible [...] Estaban arrepentidos das súas pasadas complacencias co catalanismo e non se cansaban de dicir que fora este o principal motivo da guerra civil" (p. 151). O Estatuto catalán seguía a aparecer como un privilexio irritante, concedido por medo ao separatismo:

*Retornemos ao inicio das Cortes constituíntes, cando a República foi calificada de federable. Para os valedores do novo réxime era un compromiso de honor, ineludible, a promulgación do Estatuto catalán, e para curárense de inculpacións –ben doadas de prever-, acordaron incrustar na Carta do Estado certos preceptos de carácter xeral, pois en concencia ían conceder un privilexio... Así, o dereito que se abría para Cataluña, abríase, posiblemente, para Euzcadi, pero non alcanzaría a Galiza, porque, según eles, alí non había problema... Non era posible que vencera os trámites estatuidos (trámites inventados por Cataluña, para demostrar o seu poderoso "feito de vontade"), e por outra banda, o Goberno non consentiría que se lle creasen novos problemas á República... (p. 315)*

Repartindo as culpas cara aos demais eran únicos. Como eran anticlericais, usaban este sentimento para deostaren os vascos, que acusaban de seren inimigos da democracia e incapaces de sentiren a República. Como adoraban o progreso industrial, síntoma de capacidade mesmo política, consideraban que: "sendo Galiza un país sen chemineias endexamais podería vencer a proba do plebiscito" (p. 155), referíndose ao Estatuto. Á vista dos feitos, chega á conclusión de



Solicitud de ingreso no Centro Republicano Español en 1943.

1944  
18  
2024



Homenaxe da colectividade galega ao diplomático uruguaio José María Perelló con presenza de Castelao, 1945.



Homenaxe a Aguirre en Bos Aires. No centro Castelao e, ao seu carón o lehendakari vasco. Entre outros, tamén están Manuel Puente, Doutor Balsadúa, Alonso Ríos, Claudio Fernández, Eliodoro Friol e Ramón María Aldasoro.

que, fóra dos cataláns, vascos e galegos, ninguén pode comprender no Estado a problemática das nacións. Bo coñecedor da actitude dos gobernantes da segunda República, desenmascáraos subscribindo as palabras de Pi i Margall, que asegura que todos os republicanos din que a aceptan (refírese á autonomía das nacións): “pero dino... e non o sinten” (p. 158). Nun Estado que se move entre a “desfeita” e a tiranía ditatorial, acaba tirando a seguinte conclusión: “E non lle deamos máis voltas á cousa: para rexir unha Hespaña única resulta máis lóxico establecer unha ditadura persoal que unha democracia parlamentaria” (p. 159). Para amosar esta cegueira dos políticos da República, apela tamén ao comentario dun reputado analista político inglés, chamado Scrutator, publicado no *Sunday Times* de Londres por estas datas (6 de novembro de 1938): “Ninguén duvida de que soio existe unha solución para chegar á paz permanente en Hespaña i é establecendo alí un réxime federal. Hai catro Hespañas: o País Vasco, Galiza, Cataluña e o resto.” (p. 157)

Algo semellante sucede na actualidade coa incompreensión do carácter plurinacional do Estado español, que non se chega a asimilar ben, salvo desde as nacións que contan con forzas políticas propias que comparten esta reivindicación. As forzas da dereita mostran unha hostilidade furibundamente agresiva cara a tal feito e, no seu *delirium tremens*, intentan asociar o nacionalismo co separatismo e mesmo co terrorismo. Pola súa parte, as forzas da esquerda, en grao diferente, amosan unha tolerancia de dentes regañados, forzada pola necesidade de chegaren a acordos para formaren goberno. Non figura na súa axenda nin hai o mínimo interese na vía federalista, que semella unha vía morta, por máis que se esgrima puntualmente ou figure no programa dalgunha forza política. O Estado das autonomías, coa cesión a contagotas de competencias desde o Estado *protector* que exerce a patria potestade, está moi lonxe de ser o camiño para acadaren a soberanía plena as nacións periféricas do Estado. A estas alturas, os militantes das diferentes forzas nacionalistas chegamos a esta constatación, e o debate e as alternativas deben partir de postulados claros e contundentes como os que Castelao definiu no seu libro.

En síntese, as conclusións a que chega Castelao á luz da experiencia da segunda República non deixan lugar a dúbidas; aínda que non desista da crenza federalista, considera o ciclo pechado desde varios puntos de vista. En primeiro lugar, á hora de considerar liquidada tanto a República como a súa descentralización administrativa, vía concesión de Estatutos:

*...pero non compartimos, nin o compartiríamos aínda que fose posible unha resurreición da segunda República coa rehabilitación dos seus homes. Volver ás andadas, non. Sería parvo que loitásemos por unha República tan morta como a 1873, unha República con Euzcadi e Cataluña autónomas e o Estatuto de Galiza pendente de aprobación. Acabáronse os Estatutos restrinxidos e regateados, que deixan vivos os vellos resentimentos e non curan as mutuas desconfianzas. Tampouco aceptamos que calisquera provincia ou provincias limítrofes teñan dereito a reclamar un Estatuto autonómico. Para nós non hai máis que unha República viable: a que se base no libre consentimento das nacionalidades que integran Hespaña. Nós damos por ben mortas a primeira e a segunda República*



Diálogo Encantado  
Pode explicar o termo  
Da comp. arcaica  
Mude as palabras  
E galegos hincamos,  
Ecos... non polo, non o  
(Ouro Negro)  
Nia a morte, aplaudindo  
o "Reinado" PORTUGAL

# A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

FRANQUEO PAGADO  
Circulación No. 2922  
TARIFA REDUCIDA  
Circulación No. 2922

Ano XXX ★ BÓS AIRES, XANEIRO 1946 ★ Redacción - Administración: Ruta BELGRANO 2186 ★ Núm. 444

## Fragmento do Libro de Castelao "Sempre en Galiza"

Dixo Cándido que os portugueses nasceron para mandar e non para seren mandados, e os casteláns aplicáronse moitas veces esta grave creencia de si mesmos: tanto é así que un poeta totalitario acaba de glorificar a gollerancia e o señorilismo da capital de España, afirmando que "Madrid é o campamento de la meseta. Que vive sin Industria y sin Agricultura. De gobernar a los demás". Malia esta fachada non é privativa de ningún nin de ningures; é un vezo anexo á debilidade humana, que se alporiza nas visperas da impotencia. Todos sabemos en que vai parar a fachada dos homes e dos povos. Cande un gelfo ou señorilo perde as "regalías do vivir sin traballar" abaixa os ollos e estando así manso para exercer, humildemente, a profesión de mendigo. I é xusto que nós escricemos a fachada dos hespañoles e dos portugueses, capaz de levar a Península a un estado de perdurable indixencia.

Non ten desculpa que os dous Catalados, un enfrente do outro, se sintonen adonco... fachendosos e furtivos indios... e a efectiva e que, ademais, carece de postaxada para reconquistar, por separado, nin abisco das grandezas perdidas. No que toca aos portugueses resulta triste que a fachada só les sirva para fixaren da "tiranía dos feitos" e que o arreloamento de España sexa, sementes, un efecto da propia debilidade. "Ouh, a door que me acomete —dixea Sardinha— sempre que nos evitamos froitos do noso achegamento a España se opón —! por qué calado?— o cobardo tema, o cobarde argumento da nosa debilidade". Nefetito: esa "consecuencia da propia debilidade" sería un bo argumento para abelir, mais non para soeter, o arredriamento de Portugal, e ben o fixo un vallo político hespañol: "Portugal separado de Galicia, que é a carne de su carne, y desarticulado de la unidad geográfica, que es la Península Ibérica, sufre por esa doble causa, de debilidade". Velebi a verdade.

Os galegos, eisentos de fachenda, non comprendemos que España se resine a non conquistar a categoría de gran potencia; pero menos comprendemos que Portugal se empeñe en manter fermamente a súa "debilidade", ao pretexto d'una ditidade imposible. E nós decimos unha vez máis que España e Portugal só poden salvarse contando con Galiza, porque así reside a clave da reconciliación e da consorcio da paz e da grandeza, en fin, do sentido común hispano.

Todo cando levamos dito a prol da unidade natural galegoportuguesa e do respecto que a illa se asombra, está indignado no máis nobre patriotismo, e desemboca no consiguiente aneio de

unión peninsular. Con todo xa é hora de decir que de todas as arelas do galeguismo militante, a de inclinarnos en espírito a Portugal desperou o onxo do Olimpo madrileño (embrade os ataques de que fomos obxecto por unhas declaracións que fixemos os deputados galegistas nun banquete da Embaixada, en xullo de 1931). E nós cremos que o rol máis trascendente, que os republicáns hespañoles debían atribuírle a Galiza, como membro autónomo do Estado e como órgano esencial da hispanidade, era o de fomentar a compenetración do povo galego co povo portugués, sofocando, co fortalecemento moral da nación portuguesa, as prevencións que ali se mantiveron polo temor de unha aborreción e debido á súa debilidade. Abolido en ambos Estados o réxime monárquico xa non cabía, ningunha fórmula hipócrita de acomodo, tal como aquela de Cánovas do Castillo, "viniciendo una dinastía portuguesa a sentarse en el trono español", ou a que, polo outro, corría polos Madrides: "Dejemos que nos invada Portugal y desampus". Pero a República hespañola estaba obrigada a iniciar unha política de colaboración peninsular, ensaando, a forza de xenerosidades, a idea lusitana de "oposición a España", pois xa non cabía a esperanza d'una unión ou alianza baseada no proceso anacrónico dos enlaces dinásticos, pero fixaba en pé o "ideal ibérico", suscitado polos republicáns hespañoles e portugueses, e do que a clave estaba, está e estará sempre en Galiza.

Dixose que España é prisioneira de Portugal, pola ocupación da gran fachada do Atlántico e a posibilidade d'una guerra en que as costas portuguesas facilitarían un desembarco para invadir o territorio hespañol. Esto abondaría para non deixar a Portugal ceibe de compromisos con España; pero conformámonos co, compartir, gratuitamente, a subordinación portuguesa... Ocorre que a maior parte dos hespañoles desconfían do Estado hespañol (atribuíse a Cánovas a frase de que "os hespañoles los que no pueden ser otra cosa") e por eso non lles preocupa o arredriamento portugués, pois así como a porta aberta de Portugal podería servir para atacar a España (referímonos ás costas...) algunha vez ten servido para salvala, e aínda agora hai ilusos que cavilan neste xeito de salvación... Díxose que os hespañoles necesitamos ter a man un refuxio e que o noso Goberno non se entenda co veciño, por si algún día necesitamos desterrarnos... Non hai que decir que nós estamos en discordia cos hespañoles que soñan con invadir ou aborcer a Portugal; pero refuxios igualmente a facendosa indiferencia de España ante o arredriamento portugués,

porque o desvío dese bocado tan importante da Península crea unha Xibraltar que só estorba, ofende e apunta aos hespañoles. A nós arxepianos a irresponsabilidade d'una España que se cree creadora e ten aberta, de par en par, a porta principal do seu domicilio.

Paremos unha declaración final para remachar os conceptos espallados nestas páxinas encoñ da nosa misión ibérica, que nós preferimos chamar "hispanica". Os galegos sempre pensamos en resolver os problemas privativos de Galiza dentro do Estado hespañol, dentro d'una España que sexa, por igual, o acorro de todos os povos peninsulares, sen privilexios nin servidumes. Non é posible, claro está, que aceptemos a política asimilista da actual España, porque sabemos que ela causou a separación de Portugal; está enxendrando outras separacións, ineludables, por sentidas. Só por unha fachenda, que é consustancial coa decadencia de Castela, se pode aspirar á confiscación dos feitos diferenciales, en vez de fomentalos e armonizalos como comportes venerables do acervo común. E calquera que nos lles sen proximios verá que os galegos non queremos arredriarnos de España, en canto nos alumeé a esperanza de vela engrandecida para a nosa grandeza, xunto con Portugal e libre do centralismo que a comprobese e empujese.

Ningunha outra nacionalidade hespañola —nin Catalán, nin Euzcedi— ofrecen un porvir tan estenxo como Galiza, cando pensamos que a nosa lingua serve para comunicarnos con máis de sesenta millóns de almas e cando, xunguidos en espírito e en verdade a Portugal, podemos instaurar unha fórmula irrecusable de imperio, todo luz e todo humanidade. A Hespaña ofrecémolle a nosa cidadanía e todas as posibilidades do noso progreso material, xunto coa ledicia do noso benestar e os servizos que a súa grandeza reclama de nós, porque Hespaña será o Estado; pero a Portugal ofrecémolle o noso xenio creador e todas as posibilidades da nosa renascencia espiritual, xunto coa le-

diada da nosa liberdade e os esforzos que a súa autonomía moral reclama de nós, porque Portugal será a Nación. Non podemos reparar con máis equidade o proveito que agarlamos do réxime privativo de Galiza. Se nos versos de Calderón de la Barca, e por boca do Alcaide de Zalamea, fala o Evranxo do Cristo para condicionar o deber dos hespañoles encol do Estado (ao César o que é do César e a Deus o que é de Deus).

Al Rey la hacienda y la vida se han de dar; pero el honor es patrimonio del alma, y el alma sólo es de Dios... resulta que o Estado pode existir antes de ser un Estado, e que o individuo ten dereito a preservar a súa alma, que é a súa liberdade, non cremos que o Estado poida existir sen a alma, que non debe existir sen individuos que o compoñen. Así, nós decimos que se o Alcaide de Zalamea é o Evranxo hespañol, nós preservamos a alma de Galiza —que é o xenio revelado na lingua e na cultura— para ascender con él até o derradeiro grado de perfeición. Nós, polo tanto, ofrecémolle a Hespaña todo canto pode pedirmos o Estado; pero non a honra colectiva, que é o patrimonio da Nación.

Se os galegos nos deixáramos absorber culturalmente por calquera país estranxeiro a Hespaña, os casteláns terían dereito a chamarnos desleigados; pero nós sementes demandamos liberdade para o noso xenio, que é tan hespañol como pode ser o castelán, e se nos atraí a cultura portuguesa é porque vemos nela un reflexo da nosa propia alma e as posibilidades da nosa autonomía moral. Non nos negamos a admitir os froitos de calquera cultura alta, aínda a máis clásica, con tal de non matar a nosa orixinalidade. Non se trata, pois, de declararnos impermeables á cultura castelán porque seca castelán, senón de evitarmos a política de absorción para correxir así a impermeabilidade de Cas-

tela ante a cultura dos demais povos hespañoles. E se un xeito natural e espontáneo algún día se chegase a formar unha cultura única e común, patrimonio de todos os povos hispanos, nós nada teríamos que obxetar.

O que non se pode defender é o imperio moral de Castela, exercido dende unha metrópoli embebida de gollerancia e señorilismo e a través de todos os poderes do Estado. Nós estimamos ao povo castelán; pero non é hexemonía que no seu nome exerzan os gelfos e señorilos. E algunhas xa nos mostramos enfadados pola desfiguración do "espírito portugués"; e í que dereito do "espírito hespañol" que hoxe corre como xentío e que é representativo? O que o mundo distingue como "hespañol" xa non é "castelán"; é o "andluz", que tampouco é andaluz senón gitano. A este respecto compredecir que a súa liberdade, non cremos que o Estado poida existir sen a alma, que non debe existir sen individuos que o compoñen. Así, nós decimos que se o Alcaide de Zalamea é o Evranxo hespañol, nós preservamos a alma de Galiza —que é o xenio revelado na lingua e na cultura— para ascender con él até o derradeiro grado de perfeición. Nós, polo tanto, ofrecémolle a Hespaña todo canto pode pedirmos o Estado; pero non a honra colectiva, que é o patrimonio da Nación.

Se os galegos nos deixáramos absorber culturalmente por calquera país estranxeiro a Hespaña, os casteláns terían dereito a chamarnos desleigados; pero nós sementes demandamos liberdade para o noso xenio, que é tan hespañol como pode ser o castelán, e se nos atraí a cultura portuguesa é porque vemos nela un reflexo da nosa propia alma e as posibilidades da nosa autonomía moral. Non nos negamos a admitir os froitos de calquera cultura alta, aínda a máis clásica, con tal de non matar a nosa orixinalidade. Non se trata, pois, de declararnos impermeables á cultura castelán porque seca castelán, senón de evitarmos a política de absorción para correxir así a impermeabilidade de Cas-

Castela ante a cultura dos demais povos hespañoles. E se un xeito natural e espontáneo algún día se chegase a formar unha cultura única e común, patrimonio de todos os povos hispanos, nós nada teríamos que obxetar.

### "HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS"

Esta prestidiosa entidade, que conta en Domeslar (P.C.S.) cunha hermosa quinta, onde poden pasar tranquilos o resto da súa vida os vellos galegos, que non tiveron a fortuna de facerse ricos, pronto inaugurarán oficialmente a dependencia que xa dan albergue a unha ducia de ancianos.

É esta entidade, a máis humanitaria e idealista de todas, vai enchendo, d'un xeito novo e diño, unha función social que ven a ser unha provisión para os que non subterno ou polderon tela, chegando coma unha providencia.

### O Presidente Vasco chega a Europa

O fin de tomar parte nos traballos que deben levarse a cabo en París para abater o franquismo e levar a liberdade e democracia a Hespaña, chegou a Londres o Presidente do País Vasco, don José Antonio de Aguirre.

O señor Aguirre leva o propósito de inflair encol do Presidente Giral a dos partidarios da República a fin de que o Goberno se troque no instrumento representativo e eficaz que as circunstancias existen.

1944  
20  
2024

Fragmento do Sempre en Galiza publicado no número 444 d'A Nosa Terra en xaneiro de 1946.



*e agardamos pola terceira. Esta terceira República será federal, se é que quer ser definitiva. (p. 219).*

Desde a mesma óptica, considérase incapacitados os gobernantes republicanos para daren solución ao problema do Estado plurinacional a causa da súa cerrazón unitarista, e renégase dunha República que agasalla dereitos individuais mais, fronte ás nacións, mantense intolerante e usurpadora. Mesmo matiza as afirmacións finais da cita anterior nalgún outro momento: “Pero nin dando creto á nova tendencia dos inconsolables –xustificativa de hipocresías anteriores- aceptaríamos o carácter federal da República que agora nos ofrecen.” (p. 315). Marcando distancias con diferentes modelos, afirma que:

*[...] o federalismo que nós propugnamos non coincide coa concepción estadounidense, nin co rexionalismo piemargaliano, nin co réxime de Estatutos establecidos pola Constitución do 31; en fin, que non nos deixaremos engaiolar polos políticos hespañois que sigan falando de Hespaña como nación única (p. 309)*

Os que insisten en defender o autonomismo de Castelao deberían recoñecer que len ás avesas, con intencións manifestamente manipuladoras, descontextualizando e faltando á verdade histórica, ao rigor e á obxectividade mínimos. Visto o visto, fica máis que evidente que en ningún caso subscribiría o limitado réxime das autonomías actual. Para que non haxa lugar a dúbida, afirma de forma clara e contundente:

*Así pois, o sistema de Estatutos autonómicos é inadecuado e até ofensivo para os cataláns, galegos e vascos. Galiza, como Cataluña e Euskadi, é unha nación, e, por conseguinte, ten dereito a federarse con outros pobos iguais a ela; e non recoñecerlle o dereito de autodeterminación –inclusive para vivir con absoluta independencia- será sempre un acto tiránico e antiliberal. (pp. 322-323)*

A finais de 1944, ano en que se publica *Sempre en Galiza*, nun artigo publicado n’*A Nosa Terra* (decembro de 1944), Castelao láíase do “espantallo incómodo” do separatismo, argumento decote esgrimido polo adversario e di:

*A min doeume consiñar na acta fundacional do Consello de Galiza unha declaración tan innecesaria como é a de afirmar que non somos separatistas, porque ao dicir o que somos folga dicir o que non somos”. E, paralelamente, afirma: “...o separatismo é unha actitude respetable e sempre foi respetada despois do trunfo.*


Está claro que se debate e se mantén expectante perante esta tesitura e hai indicios e fíos condutores que se desvelan ao longo do libro, desde a primeira parte até as últimas; aínda que, na argumentación, se decante por unha *asunción pasiva* ao sinalar como causante do separatismo a teimuda intransixencia centralista. Á luz dos nosos días, resultan sumamente reveladoras as interrogantes ás cales chega ao tratar este tema:

*Nós comprendemos que a un galego, a un vasco ou a un catalán que non queira ser Hespañol se lle chame “separatista”; pero eu pergunto como debe chamárselle a un galego que non queira ser galego, a un vasco que non queira ser vasco, a un catalán que non queira ser catalán.*



Exposición de debuxos de Castelao en Nova York en 1938.

1944  
**22**  
2024



Intervención de Xosé Velo na homenaxe a Castelao en Caracas en 1952.

*Estou seguro de que en Castela a estes "impatriotas" chámanlle "bos hespañoes", "modelo de patriotas", cando en realidade son traidores a si mesmos e á terra que lles dou o ser. Estes si que son separatistas! (p. 298)*

Un fantasma, o do separatismo, que, de tanto axitalo e comparecer en público, perdeu o efecto aterrador e deixou de ser tan témero hoxe en día. A dialéctica política no Estado español parece ter levado a unha situación en que as forzas políticas independentistas *medraron*, cualitativa e cuantitativamente, sobre todo a raíz do *Procés* catalán. Xa nin falla fai pedir desculpas nin presentar xustificacións –tampouco é aconsellábel– cando un é atacado por separatista. Con razón, algo a que nos anima Castelao é á "intransixencia", aínda que a palabra resulte antipática; di el, é un deber de todo nacionalista galego ser intransixente cando ve que a Galiza se negan as garantías para desenvolver libremente a súa vida conforme aos intereses do pobo galego en todos os eidos. Parece que nos alenta a espreguizarnos e a sacudir a submisión do colonizado cando formula preguntas como estas:

*¿Con que dereito se nos obriga a aprender a língoa de Castela e non se obriga aos casteláns a deprenderen a nosa? ¿Con que dereito se prescinde do idioma galego nas escolas de Galiza para que os galegos non se afagan a leelo e non saiban escribilo? (p. 292)*

Así, como fomos vendo, unha tras outra, todas estas constatacións conducen Castelao a adoptar unha radical postura de lucidez crítica, un claro rexeitamento do imperialismo, que considera abominábel por provocar opresións e dependencias propias da relación entre colonizador e colonizado:

*De aí que os habitantes da nación hexemónica se teñan por superiores, porque a súa língoa é a única oficial, a única que se cultiva, ensina e protexe, e os fillos das nacións subordinadas acaban por falaren en voz baixa, apouvigados por un complexo de inferioridade. (p. 458)*

Loxicamente, este é un proceso que se foi dando no decorrer histórico. Por iso, Castelao renega simbolicamente da historia, en canto progreso "civilizador" da modernidade capitalista e prefire abrazar a tradición como permanencia da nación e da súa cultura no tempo, que nunca pode ser sinónima de atraso. Recoñece que o problema das nacións no Estado español non é privativo deste e que se dá do mesmo xeito no resto do mundo. En todos os Estados de base heteroxénea houbo unha parte, unha nación, que impuxo os seus atributos nacionais ás demais, de xeito que a soberanía estatal non resulta patrimonio de todas as nacións, senón da privilexiada e opresora. É a que se encarga, desde a súa posición privilexiada, de levar a cabo a uniformización, a fundadora do Estado, a que define o proxecto de futuro, en definitiva, a que "considera monstruoso que se discuta a súa patria potestade" (p. 458). Á hora de establecermos a causalidade do tan soado separatismo, o seu aviso é claro: "Nos Estados de base plurinacional a política imperialista provoca separatismos larvados, de índole sentimental, dos que o separatismo efectivo só é cuestión de oportunidade". (p. 459)

Por iso mesmo, considerando o devir histórico e considerando as circunstancias máis recentes, Castelao anímanos a manter unha posición de *fortaleza* ante ese poder central do Estado opresor; parece insinuarnos que esta *posición de forza* é a única forma de *dialogar e*

## Telegramas Cambiados entre Giral e Castelao

22-Marzo-1946

Alfonso Rodríguez Castelao

Ampliando Gobierno entrada comunista federal derecha republicana ruégole acepte puesto representación galleguista stop Conteste calle 21 Boulevard Jourdan Saludos cordiales

José Giral

23-Marzo-1946

José Giral

Acepto representación honrosa en Gobierno su presidencia estimulado además por deseos fuerzas interior y confianza colectividades gallegas América stop Agradecido salúdole cordialmente

Castelao

Reproducción publicada no número 446 d'A Nosa Terra (1946) dos telegramas da ingreso de Castelao no goberno republicano no exilio de José Giral.

1944  
**24**  
2024



Derradeira fotografía de Castelao, tomada na biblioteca do Centro Ourensán de Bos Aires.



*negociar*, que as cesións xa virán de seu. Para el, o *sentimento* nacional implica unha grande solidariedade e consciencia dos sacrificios feitos e dos que aínda están por facer. Así, non vai ter reparo ningún en constatar dun xeito aínda máis radical o seguinte:

*Eu dígovos que os galegos só impoñeremos respecto cando se nos considere capaces de tronzar os vínculos que nos unen a Hespaña e cando nós mesmos aprendamos a vivir con absoluta independencia dos hespañois. Eu dígovos que os republicanos vitoriosos intentarían, despois da guerra, negarnos o estatuto autonómico, e teríamos que loitar duro para conquerilo. E teño moitas razóns para estas sospeitas, fundadas, todas elas, no coñecemento dos homes da República e na súa teima unitaria e centralista. E conste que tal convicción non me causa ningún pracer, porque somentes ante un separador me podo eu sentir separatista. (p. 153)*

Por outro lado, como se se quixese anticipar a teima do liberalismo na actual democracia, que enche a boca falando dos dereitos individuais dos cidadáns e dunha cacarexada igualdade, Castelao afirma que os dereitos individuais non se poden dissociar dos dereitos colectivos e nacionais. Di que non pode haber individuos libres en pobos que non gozan de liberdade: “[...] pero en nome de Galiza falará Galiza, como en nome de Cataluña xa fala Cataluña. Estamos fartos de imperialismos e os demócratas non podemos aceptar máis que unha igoaldade de dereitos para os cidadáns e para os povos” (p. 101). Sostén que o dereito dos pobos provén do dereito dos homes e a federación é o resultados de ambos os postulados; non se pode negar a unha colectividade o que non se nega a un home illado (p. 221). Para el, aí reside a clave dunha verdadeira democracia, algo que non conseguían asumir os cabezas visíbeis da República:





*Tamén era inconcebible que se conservase un léisico vello –o da Constitución en agonía– habendo tantos ministros que comprendían o problema das nacionalidades; pero así tranquilizábase aos que cren que Cataluña, Euzcadi e Galiza son rexións da nación castelán, soio aptas para exercer unha delegación do Poder central en calidade de axentes subalternos. (p. 151).*

Unha estruturación que contemple o feito plurinacional do Estado é de vital importancia para falarmos de democracia. Por iso, ape-la unha e outra vez aos que poidan considerarse demócratas: “Xa vai sendo hora de que os hespañoes demócratas afoguen os seus sentimentos centralistas e unitarios, porque endexamáis se poderá asentar en Hespaña un réxime democrático sen unha previa estruturación federal do Estado. (p. 161-2).

Todo o profuso repertorio de citas que vimos glosando pretende amosar que Castelao foi un demócrata radical e un patriota galego senlleiro. A súa perseveranza neste terreo foi férrea e exemplar, sen caer nunca no oportunismo nin manterse nun ideoloxismo estéril afastado da acción política. A combinación de política táctica, para que Galiza fose tida en conta, e obxectivos estratéxicos, que acabamos de ver, foi tamén do máis exemplar.

Por último, a nivel global, Castelao acredita na fraternidade ou concordia das patrias e, naquel momento álxido da segunda República, busca a comprensión das organizacións do internacionalismo

1944  
**26**  
2024



Capas do Sempre en Galiza en diferentes linguas.

avanzado coas cales comparte a aspiración de derrubar o sistema capitalista actual, consciente de que “o internacionalismo eficaz non deserta das patrias, senón que as transforma en órgaos dunha nova humanidade.” (p. 432). Cre posíbel e desexábel compatibilizar o que denomina tendencia particularista coa universalista ou *plu-riversalista*. Pero mantense alerta no seu lúcido antiimperialismo. Europa, por exemplo, non é ese espazo de fraternidade e igualdade para os pobos; alí déronse cita “os máis opulentos e corruptores imperios” (p. 457):

*Serán os grandes Estados, unitarios e imperialistas, a forma definitiva das sociedades humanas? Estes Estados formáronse por acumulación de vellas comunidades nacionais, sistemáticamente torturadas, para chegaren a unha aparente homoxeneidade. Os grandes Estados xogaron un papel necesario na evolución do mundo; pero serían, no futuro, a rémora do progreso, e a súa sobrevivencia só serviría para desviar o destino ascendente dos homes. Así o home sinxelo cre que o mundo novo vai xurdir das ruínas dos grandes Estados unitarios”. (p. 215)*

Rematando a década dos corenta, criticaba a “inmoralidade que preside a política internacional” (p. 458), e amosaba a súa inqueda pola sorte das pequenas patrias e pobos que poden acabar convertidos en satélites das grandes potencias sometidos á escravitude de intereses forasteiros, palabras acertadas que ben poderíamos subscribir hoxe en día.

Castelao foi un dos mellores intérpretes artísticos da alma do pobo galego; a marchas forzadas, xunto cos correlixionarios do Partido Galeguista, soubo poñer Galiza no concerto das nacións do Estado nun momento crucial; sen renunciar a nada, desde o exilio, cargou coa responsabilidade de deixarnos un fecundo legado ideolóxico en que podemos vernos reflectidos con proxección de futuro; mesmo poderíamos dicir que el e outros membros do Partido Galeguista foron os mellores e os máis honestos valedores da causa republicana, máis que os propios republicanos. Pola súa claridade e contundencia ideolóxica, resulta difícil o intento de asimilar Castelao (resulta difícil asimilar o inasimilábel). Porén, asistimos a tentativas deste estilo, principalmente desde a forza que goberna a Xunta de Galiza nos últimos anos. Mellor é un Castelao manipulado, silenciado, fragmentado, invisibilizado... que un Castelao ao servizo do pobo galego, cerimonia a que contribúen eles e os seus servidores desde que se instaurou a autonomía e, máis concretamente, desde a vergonzosa traída dos seus restos mortais, da cal axiña se farán corenta anos. É obriga nosa desenmascarar todas estas operacións, lendo e difundindo o pensamento de Castelao, que segue tendo plena vixencia e que en todo é antitético ao deles. —

1944  
**27**  
2024



G  S

Fundación  
GALIZA  
SEMPRE

Colabora

